

CONVOCATORIA DO PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO (Curso 2011/2012)

De acordo co establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo, *o regulamento de profesorado establecerá mecanismos para convocar programas de promoción, transformación e contratación de persoal docente e investigador a tempo completo, nos que se terán en conta os méritos docentes, investigadores e de xestión.* No Regulamento de Profesorado foron establecidos os obxectivos e as características xerais dos programas de promoción do persoal docente e investigador, indicándose que será o Consello de Goberno, en función das dispoñibilidades orzamentarias da propia institución e da existencia de programas e incentivos a nivel estatal e autonómico, quen fixe as condicións para a creación das prazas. Así mesmo, indícase que o Consello de Goberno, tendo en conta méritos docentes, investigadores e de xestión, e atendendo a criterios de diversidade, determinará a asignación das prazas aos departamentos.

Acolléndose a este procedemento, o Consello de Goberno, na súa sesión de 8 de febreiro de 2012, aproba a presente convocatoria do programa especial de promoción do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

1. Obxectivo

Por en marcha a presente convocatoria do programa especial de promoción do persoal docente e investigador.

Este programa desenvolverase como un concurso de méritos para determinar en que áreas de coñecemento se convocan 13 prazas do corpo de Profesores Titulares de Universidade ou de Profesorado Contratado Doutor.

Estas prazas terán as mesmas obrigas docentes que as correspondentes ao profesorado a tempo completo e figurarán nos Plans de Organización Docente dos departamentos.

2. Requisitos das persoas solicitantes

2.1 As persoas solicitantes deberán posuír algún dos seguintes perfís:

- a. Persoal a tempo completo da Universidade de Vigo, que na data de peche da convocatoria teña unha antigüidade mínima de tres anos na Universidade de Vigo de forma continuada nalgunha/s das seguintes categorías:
 - i. Persoal investigador do programa Ramón y Cajal.
 - ii. Persoal investigador do programa Isidro Parga Pondal.
 - iii. Axudantes.
- b. Persoal das figuras indicadas no apartado a), que remataran o seu contrato no ano 2011 ou 2012 e tiveran ao remate do mesmo a antigüidade requirida.

- c. Profesores/as asociados/as da Universidade de Vigo, que na data de peche da convocatoria teñan acreditada, unha dedicación continuada a labores docentes e investigadoras na Universidade de Vigo cunha antigüidade mínima de tres anos acumulados, sen interrupcións superiores a 3 meses.
- 2.2 As persoas solicitantes, ademais, deberán cumprir os requisitos esixidos na lexislación vixente para acceder ao Corpo de Profesores Titulares de Universidade ou para ser contratadas na categoría de Profesor Contratado Doutor.
- 2.3 Non poderán concursar a este programa aquelas persoas que fosen seleccionadas en edicións anteriores.

3. Avaliación e Selección

- 3.1 A selección será feita pola Comisión de Organización Académica e de Profesorado en base aos informes técnicos externos de avaliación dos/das solicitantes elaborados pola ACSUG en virtude do convenio específico suscrito coa Universidade de Vigo.
- 3.2 O curriculum vitae será puntuado de acordo cos criterios que figuran no Anexo I.
- 3.3 Os informes de avaliación das solicitudes presentadas serán emitidos pola CGIACA, previa avaliación dos currículos por unha comisión de expertos externos constituída por profesorado de recoñecido prestixio, externo ao Sistema Universitario de Galicia, que teña recoñecido tres tramos de avaliación positiva da súa actividade investigadora (sexenios). Na comisión de expertos externos garantirase a presenza de representantes dos diferentes ámbitos de coñecemento.
- 3.4 Estes informes serán trasladados á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, que publicará as cualificacións provisionais na forma prevista no apartado 6.3. Os/as solicitantes terán un prazo de 10 días hábiles para formular as súas alegacións, para o cal poderán consultar o expediente.
- 3.5 Resultas as reclamacións ou alegacións sobre a valoración dos currículos, a Comisión de Organización Académica e de Profesorado seleccionará as áreas de coñecemento de acordo co disposto no artigo 4.

4. Criterios para a asignación das prazas

Os criterios para a creación das prazas de promoción terán en conta o seguinte:

- 4.1 Unha vez coñecida a relación de solicitantes e antes da avaliación dos CVs, a COAP estudará a situación das áreas implicadas e decidirá a que campus quedará vinculada a praza (a efectos de docencia), no caso de ser seleccionada esa área.
- 4.2 Utilizaranse os campos temáticos utilizados pola CNEAI (Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora) na avaliación dos tramos de investigación do profesorado (ANEXO II). A clasificación por campos CNEAI ten unha dobre finalidade: a) estender os beneficios do programa de xeito o máis equilibrado posible entre os diferentes ámbitos presentes na Universidade de

- Vigo; b) que o proceso competitivo teña lugar, na medida do posible, en grupos con criterios e hábitos de produción investigadora, docente e de mérito académico, homoxéneos.
- 4.3 De haber solicitudes avaliadas positivamente polo procedemento á que se fai referencia no artigo 3, outorgaranse as prazas por campo científico e ámbito coa distribución descrita no ANEXO II, ata completar as totais da convocatoria.
- 4.4 Como regra xeral, outorgarase como máximo unha praza por área de coñecemento. Excepcionalmente, poderá asignarse unha segunda praza nunha área de coñecemento dun ámbito de coñecemento se non fosen cubertas todas as prazas convocadas nese ámbito. Así mesmo, asignarase unha segunda praza a unha área de coñecemento se no momento de rematar todo o proceso, non fosen cubertas todas as prazas da convocatoria.
- 4.5 Esixirase un mínimo de 70 puntos na puntuación para ser seleccionado/a neste programa.
- 4.6 O procedemento de asignación de prazas será o seguinte:
- Asignación dunha praza en cada campo científico sinalado no anexo II comparando os currículos independentemente por campos. Se nalgún campo científico non fora seleccionada persoa candidata algunha, a praza quedará asignada ao ámbito segundo o apartado b).
 - Asignación das prazas restantes por ámbitos (C, H, T, X-S) comparando os/as solicitantes por ámbitos ata completar o número de prazas fixado para cada un deles sen que participen neste proceso os/as solicitantes seleccionados/as previamente. Se nalgún ámbito non fora posible completar o número sinalado, pasarán á asignación xeral segundo apartado c).
 - De ser o caso, asignación, unha a unha, das restantes prazas por comparación de todos/as os/as solicitantes sen que participen neste proceso os/as seleccionados/as previamente.
 - En cada unha das etapas anteriores quedarán eliminadas do proceso para as etapas seguintes as persoas solicitantes da mesma área de coñecemento que a persoa seleccionada, agás na etapa b) se non fosen cubertas as prazas asignadas ao ámbito correspondente, ou se rematado o proceso non fosen cubertas todas as prazas da convocatoria, según o establecido no apartado 4.4.

5. Saída a concurso das prazas

- 5.1 A creación dunha praza producirase a partir dunha convocatoria entre todo o PDI da Universidade de Vigo que cumpra os requisitos que se indican no artigo 2. As prazas de promoción a cubrir por concurso público se crearán nas áreas de coñecemento en que concorran as persoas solicitantes con máis méritos, coas limitacións do artigo 4.
- 5.2 A praza convocada será do corpo de Profesores Titulares de Universidade se a persoa seleccionada posúe a dita acreditación no momento de solicitude de saída a concurso da praza. Noutro caso convocarase unha praza de Profesorado Contratado Doutor.
- 5.3 A praza de promoción quedará anulada en calquera dos casos seguintes:

- a. Se a persoa seleccionada ocupase, previamente ao concurso, outra praza de profesorado contratado doutor ou do corpo de Profesores Titulares de Universidade na Universidade de Vigo.
 - b. Se a persoa seleccionada rematara, de forma voluntaria, a súa vinculación coa Universidade de Vigo previamente á convocatoria do concurso de acceso.
- 5.4 Aquelas persoas seleccionadas para a creación dunha praza que non rematasen o seu contrato Ramón y Cajal ou Parga Pondal, seguirán nesa condición ata o último ano de contrato, incluídas neste prazo todas as posibles prórrogas con expresa obriga de solicitálas. Nese momento farase efectivo o concurso público da praza. Se no momento da finalización do contrato aínda non estivese resolto o concurso, pasarán a ocupar interinamente a praza correspondente. Aplicarase o mesmo procedemento para as persoas seleccionadas que remataran o seu contrato antes da resolución deste programa de promoción. No caso de que unha persoa xa seleccionada mudara o seu contrato do programa Parga Pondal ao Ramón y Cajal, considerarase, a efectos de creación da praza, o prazo que lle correspondería ao seu contrato orixinal.
- 5.5 En caso de persoas solicitantes seleccionadas pertencentes a outras categorías (Axudante ou Profesor Asociado), a praza deberá solicitarse xunto co seguinte POD, agás nos casos que a COAP autorice adiantar a convocatoria por necesidade docente. Se no momento da finalización do contrato aínda non estivese resolto o concurso, pasarán a ocupar interinamente a praza correspondente.

6. Formalización das solicitudes e procedemento:

- 6.1 As solicitudes serán cumprimentadas por vía telemática usando os medios dispoñibles en <http://www.acsug.es>. As solicitudes deberán aterse ao modelo de curriculum vitae solicitado na aplicación da ACSUG e achegar a documentación correspondente no formato que se indique. No caso de documentos achegados en soporte electrónico, a Universidade poderá solicitar as persoas solicitantes orixinal ou copia compulsada en calquera momento previo á resolución da convocatoria.
- 6.2 Adicionalmente, a instancia xerada pola aplicación referida no apartado 6.1, dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo, será asinada polo solicitante e presentada no prazo e lugar referido nos apartados 6.3 e 6.4 respectivamente. Xunto coa dita instancia deberá achegarse:
- a. Copia da certificación da acreditación para o corpo de Profesores Titulares de Universidade e/ou de Profesorado Contratado Doutor.
 - b. No seu caso, copia da documentación que acredite avaliación positiva en programas de estabilización de profesorado universitario (incluídos I3 e Manuel Colmeiro).
- 6.3 A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 30/1992. Simultaneamente serán publicados na WEB da Universidade de Vigo.

- 6.4 As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral (Edificio Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario 36310-Vigo), nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992. No estranxeiro, as solicitudes poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.
- 6.5 O prazo de presentación de solicitudes será do 1 de marzo de 2012 ao 16 de abril de 2012.

ANEXO I. BAREMO. PROGRAMA ESPECIAL DE PROMOCIÓN (2011)

APARTADOS PRINCIPAIS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Experiencia investigadora	40
Actividade docente	25
Formación académica	15
Experiencia e outros méritos profesionais	15
Experiencia en xestión universitaria	5
TOTAL	100

A efectos de comparación de currículos de diferentes solicitantes, se nalgún dos apartados principais, a suma das puntuacións dun/ha concursante supera o límite establecido, o que consiga o máximo terá a puntuación límite nese apartado, e para os restantes calcularase de xeito proporcional.

A puntuación de cada apartado principal será obtida según as táboas das páxinas seguintes. As limitacións máximas presentes en sub-apartados do baremo consideraranse límites absolutos para cada solicitante individualmente.

		MÁXIMA	RANGO/Unidade	
1. EXPERIENCIA INVESTIGADORA	Dirección en proxectos e contratos de investigación competitivos	-	(2-5)	
	Participación en proxectos e contratos de investigación competitivos		(1-3)	
	Dirección o codirección en proxectos e contratos de investigación non competitivos		(2-4)	
	Participación en proxectos e contratos de investigación non competitivos	-	(1-2)	
	Dirección de teses de doutoramento	-	2 /Tesis	
	Artigos en revistas (Corrección por nº de autores/as) ¹	Grupo A (33% superior do JCR)	-	(5)
		Grupo B (33% central do JCR)	-	(3,5)
		Grupo C (33% inferior do JCR)	-	(2)
		Grupo D (non incluídos no JCR)	-	(0,5 –3)
	Traducións de libros ou artigos	-	(1-5)	
	Libros (Corrección por nº de autores/as (2-4) *) ² *(máximo para puntuación completa)	Libro completo (≤ 4 autores/as)	-	(3-8 / libro)
		Editor/a ou coordinador/a	-	1-2 puntos/libro
		Capítulo de libro (≤ 2 autores/as)	-	0,2-0,7 por capítulo
	Exposición de obras artísticas, técnicas ou científicas e artigos en prensa, radio, TV e cine (nas áreas donde poda considerarse como mérito investigador).	-	(0,1 –5)	
	Rexistros da propiedade intelectual e industrial (Corrección por nº de autores/as) ¹	-	(0,5 – 4)/ registro	
	Conferencias, relatorios, comunicacións, pósteres en congresos, seminarios e simposios (Corrección por nº de autores/as) ¹	-	(0,2 – 1)	
	Realización de informes e ditames. (Corrección por nº de autores/as) ¹	-	(0,5 – 5)	
	Asesorías técnicas. (Corrección por nº de autores/as) ¹	-	(0,2 –3)	
Estadías de investigación	Estadías de posdoutoramento	-	0,5 pto/mes	
	Estadías de predoutoramento	-	0,1 pto/mes	
Outros méritos de investigación relevantes	-	(0,5-3 / investigación)		

1.- Factor de corrección por número de autores/as:

- Autor/a único/a ou equipo de traballo ata un máximo de 4 membros: Asígnaselle a puntuación establecida no apartado Rango/unidade.
- Equipos de traballo de máis de 4 membros:
$$\text{puntuación corrigida} = \frac{\text{puntuación} \times 4}{\text{número_de_autores}}$$

2.- Factor de corrección por número de autores e tipo de autoría:

- Libros:
Equipos de traballo de máis de 4 membros:
$$\text{puntuación corrigida} = \frac{\text{puntuación} \times 4}{\text{número_de_autores}}$$
- Capítulos de libro de máis de 2 autores/as:
$$\text{puntuación corrigida} = \frac{\text{puntuación} \times 2}{\text{número_de_autores}}$$

			MÁXIMA	RANGO/Unidade	
2-ACTIVIDADE DOCENTE	Docencia impartida	Créditos impartidos de docencia regulada universitaria	20	0,3/Crédito x curso	
		Dirección de PFC, teses de licenciatura, DEA, traballos fin de grao e de máster	5	0,2 – 0,5/ traballo	
	Formación didáctica para a actividade docente	Estadías en institucións de formación docente universitaria.		5	0,8/Trimestre
		Cursos recibidos \geq 30 h			0,5 – 1 / curso
		Cursos recibidos < 30 h			0,2 – 0,5/ curso
		Asistencia a congresos e xornadas de formación didáctica			0 – 0,2 / asistencia
	Outros méritos docentes	Enquisas alumnado anuais con nota igual ou superior á 7 sobre 10 (ou 3.8 nunha escala de 1 a 5)		5	0,4/avaliación positiva anual
		Participación en mestrados e cursos de formación			(0,1 – 1/ participación)
		Proxectos financiados de innovación e mellora docente			(0,5 – 3)
		Outros méritos docentes relevantes			

			MÁXIMA	RANGO/Unidade	
3. FORMACIÓN ACADÉMICA	Expediente Académico		-	(2-5)	
	Titulación	Doutoramento	-	4	
	Outras titulacións	Outras Diplomaturas		-	1
		Outras Licenciaturas / Graos / Mestrados Universitarios Oficiais		-	2
		Outros Doutoramentos		-	4
		Premios Extraordinarios Licenciatura ou Diplomatura		2	1-2
	Premios Extraordinarios Doutoramento		2	1-2	
	Bolsas posgraduais obtidas en convocatoria pública		-	(0,05-0,1 / mes)	
	Cursos, seminarios e talleres de formación académica.	Cursos:	100-250h	3	(1-1,5)
			30 – 100h		(0,5- 1)
0 – 30 h			(0-0,5)		

			MÁXIMA	RANGO/Unidade
4. EXPERIENCIA E OUTROS MÉRITOS PROFESIONAIS	Relacionados co ámbito científico polo que se avalía a súa actividade académica(*)		-	(0,2-0,5 / ano)
	Non relacionado co ámbito científico polo que se avalía a súa docencia (*)		-	(0,1-0,2 / ano)
	Postos desempeñados en dirección e xestión(*)		-	(0,1- 0,2)
	Proxectos profesionais (*)		-	(0,1-0,2 / proxecto)
	Direccións técnicas (*)		-	(0,1-0,2/ obra)
	Actividades de asesoría, auditorías e informes técnicos e xurídicos (*)		-	(0,1-0,2 / informe)
	Bolsas, contratos financiados en proxectos de investigación		-	(0,05-0,1 / mes)
	Bolsas e contratos posdoutorais competitivos		-	(0,2 / mes)
	Acreditación ao corpo de Profesor Titular de Universidade (**)		12	12
	Avaliación positiva en programas de estabilización para profesorado universitario (incluídos I3, Manuel Colmeiro) (**)		4	4
	(*) Fôra do ámbito académico universitario			
	(**) A puntuación deste apartado será incorporada pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, que non necesariamente formará parte do informe da ACSUG			

		MÁXIMA	RANGO/Unidade
5. EXPERIENCIA EN XESTIÓN UNIVERSITARIA	Cargos unipersonais na universidade	Secretario/a de Departamento ou superior categoría	- (0,5 / ano)
		Director/a, secretario/a ou coordinador/a en congresos, seminarios, xornadas e cursos	- (0,1-0,5)
	Coordinador/a do mestrado universitario oficial		(0,5 / ano)
	Membro de órganos colexiados e comisións da universidade (a nivel de universidade non de centros, departamentos ou institutos)	-	(0,1-0,2 / ano)
	Coordinador/a de área ou de curso.	-	(0,1-0,2 / ano)
	Coordinador/a de prácticas de empresa ou intercambio de estudantes nun centro	-	(0,1-0,2 / ano)
	Membro de unidades de calidade, comités de avaliación, certificación, acreditación, asesoría	-	(0,2-0,4 / ano)
	Cargos de representación sindical do PDI		(0,2-0,4 / ano)
	Outros cargos de xestión ou representación	-	(0,1-0,4 / ano)

ANEXO II.

Distribución de prazas por campos científicos CNEAI e por ámbitos.

MIN	CAMPO CIENTÍFICO CNEAI
C 5	1 Química (Q)
	1 Matemáticas e Física (MF)
	1 Bioloxía Celular e Molecular (BCM)
	1 Ciencias Biomédicas (CB)
	1 Ciencias da Natureza (CN)
T 3	1 Tecnoloxías Mecánicas e da Producción (TMP)
	1 Arquitectura, Enxeñaría Civil, Constución e Urbanismo (AECCU)
	1 Enxeñarías da Comunicación, Computación e Electrónica (ECCE)
XS 3	1 Ciencias Sociais, Políticas, do Comportamento e da Educación (CSPCE)
	1 Ciencias Económicas e Empresariais (CEE)
	1 Dereito e Xurisprudencia (DX)
H 2	1 Historia e Expresión Artística (HA)
	1 Filosofía, Filoloxía e Lingüística (FFL)

ÁREAS DE COÑECEMENTO POR CAMPO CNEAI e ÁMBITO

Ámbito de Humanidades:

CNEAI	Área	Nome Área	Dpto
HA	33	Arqueoloxía	00h05
	85	Ciencias e Técnicas Historiográficas	00h05
	185	Debuxo	00h09
	260	Escultura	00h07
	445	Historia Antiga	00h05
	450	Historia Contemporánea	00h05
	455	Historia de América	00h05
	465	Historia da Arte	00h05
	485	Historia Medieval	00h05
	490	Historia Moderna	00h05
	690	Pintura	00h08
FFL	695	Prehistoria	00h05
	320	Filoloxía Alemá	00h04
	335	Filoloxía Francesa	00h04
	345	Filoloxía Inglesa	00h04
	355	Filoloxía Latina	00h03
	370	Filoloxías Galega e Portuguesa	00h03
	375	Filosofía	00x11
	383	Filosofía Moral	00x11
	567	Lingua Española	00h10
	575	Lingüística Xeral	00h12
	583	Literatura Española	00h11
	795	Teoría da Literatura	00h11
814	Tradución e Interpretación	00h12	

Ámbito Xurídico-Social

CNEAI	Área	Nome Área	Dpto
CSPCE	10	Análise Xeográfica Rexional	00h05
	30	Antropoloxía Social	00x01
	70	Ciencia Política e da Administración	00x11
	105	Comunicación Audiovisual e Publicidade	00x13
	187	Didáctica da expresión Corporal	00x05
	189	Didáctica da expresión Musical	00x05
	193	Didáctica da expresión Plástica	00x05
	195	Didáctica da Lingua e da Literatura	00x05
	200	Didáctica da Matemática	00c06
	205	Didáctica das Ciencias Experimentais	00x05
	210	Didácticas das Ciencias Sociais	00x05
	215	Didáctica e Organización Escolar	00x04
	245	Educación Física e Deportiva	00x05
	435	Xeografía Humana	00h05
	620	Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	00x01
	625	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	00x04
	675	Periodismo	00x10
	680	Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos	00x01
	725	Psicobioloxía	00x01
	730	Psicoloxía Básica	00x01
735	Psicoloxía Evolutiva e da Educación	00x10	
740	Psicoloxía Social	00x01	
775	Socioloxía	00x11	
805	Teoría e Historia da Educación	00x01	
813	Traballo Social e Servizos Sociais	00x01	
CEE	95	Comercialización e Investigación de Mercados	00x09
	225	Economía Aplicada	00x06
	230	Economía Financeira e Contabilidade	00x07
	415	Fundamentos da Análise Económica	00x08
	480	Historia e Institucións Económicas	00x08
650	Organización de Empresas	00x09	
DX	125	Dereito Administrativo	00x03
	130	Dereito Civil	00x02
	135	Dereito Constitucional	00x03
	140	Dereito do Traballo e da Seguridade Social	00x13
	145	Dereito Eclesiástico e do Estado	00x03
	150	Dereito Financeiro e Tributario	00x13
	155	Dereito Internacional Privado	00x02
	160	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais	00x03
	165	Dereito Mercantil	00x02
	170	Dereito Penal	00x03
	175	Dereito Procesual	00x03
	180	Dereito Romano	00x02
381	Filosofía do Dereito	00x02	

	470	Historia do Dereito e das Institucións	00x03
--	-----	--	-------

Ámbito Científico

CNEAI	Área	Nome Área	Dpto
BCM	050	Bioloxía Celular	00c01
	060	Bioquímica e Bioloxía Molecular	00c03
	566	Inmunoloxía	00c03
	420	Xenética	00c03
CB	020	Anatomía e Embrioloxía Humana	00c01
	090	Cirurgía	00c01
	410	Fisioloxía	00c01
	413	Fisioterapia	00c01
	610	Medicina	00c01
	615	Medicina Preventiva e Saúde Pública	00c01
	630	Microbioloxía	00c01
	640	Nutrición e Bromatoloxía	00c07
	660	Parasitoloxía	00c01
	770	Radioloxía e Medicina Física	00c01
807	Toxicoloxía	00c07	
CN	28	Antropoloxía Física	00c04
	63	Botánica	00c02
	220	Ecoloxía	00c04
	240	Edafoloxía e Química Agrícola	00c02
	280	Estratigrafía	00c10
	412	Fisioloxía Vexetal	00c02
	427	Xeodinámica Externa	00c10
	819	Zooloxía	00c04
Q	750	Química Analítica	00c07
	755	Química-Física	00c11
	760	Química Inorgánica	00c09
	765	Química Orgánica	00c12
MF	38	Astronomía e Astrofísica	00t08
	265	Estatística e Investigación Operativa	00c05
	385	Física Aplicada	00t08
	395	Física da Materia Condensada	00t08
	398	Física da Terra	00t08
	405	Física Teórica	00t08
	430	Xeografía Física	00h05
	595	Matemática Aplicada I	00t16
	596	Matemática Aplicada II	00t17
	647	Óptica	00t08
998	Alxebra, Análise, Xeometría e Topoloxía	00c06	

Ámbito Tecnolóxico

CNEAI	Área	Nome Área	Dpto
TMP	65	Ciencias dos Materiais e Enxeñería Metalúrxica	00t05
	295	Explotación de Minas	00t06
	500	Enxeñería Agroforestal	00t06
	515	Enxeñería dos Procesos de Fabricación	00t01
	535	Enxeñería Eléctrica	00t02
	545	Enxeñería Mecánica	00t03
	555	Enxeñería Química	00t04
	565	Enxeñería Textil e Papeleira	00t06
	590	Máquinas e Motores Térmicos	00t03
	600	Mecánica de Fluídos	00t03
	605	Mecánica dos Medios Continuos e Teoría da Estruc.	00t05
	705	Producción Vexetal	00t06
	710	Prospección e Investigación Minera	00t06
	780	Tecnoloxía de Alimentos	00t04
	790	Tecnoloxía do Medio Ambiente	00t06
AECCU	305	Expresión Gráfica na Enxeñería	00t01
	505	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	00t06
	510	Enxeñería da Construción	00t05
	720	Proxectos de Enxeñería	00t01
ECCE	75	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	00t15
	520	Enxeñería de Sistemas e Automática	00t07
	560	Enxeñería Telemática	00t13
	570	Linguaxes e Sistemas Informáticos	00t15
	785	Tecnoloxía Electrónica	00t11
	800	Teoría do Sinal e Comunicaci3ns	00t14